

## **1. A partir de que número de animais é preciso facer unha comunicación previa á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio?**

As persoas que queiran ter de máis de cinco cans maiores de tres meses, no mesmo local, recinto ou vivenda, estarán obrigados a realizar unha comunicación previa ante a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio correspondente.

Non obstante, en base ao número de animais e as condicións existentes, a autoridade competente poderá requirir a autorización como establecemento e a procedente inscrición no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz).

No caso de que a tenza dos animais estea relacionada coa prestación dalgún servizo e/ou actividade económica, será requirida sempre a correspondente inscrición do establecemento no Reganuz.

No caso das canceiras deportivas, e aínda que non se presten servizos a terceiros, a autorización e inscrición no Reganuz será requirida a partir dos 10 animais, ou 15 no caso de que a actividade deportiva estea relacionada coa actividade cinexética.

Para tramitar esta comunicación previa, pódese descargar o modelo de solicitude no seguinte enderezo:

[http://cmaot.xunta.gal/c/document\\_library/get\\_file?folderId=445347&name=DLFE-44433.pdf](http://cmaot.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=445347&name=DLFE-44433.pdf)

## **2. Cal é o procedemento para a inscrición dun núcleo zoolóxico no Reganuz)?**

No que respecta ao procedemento de inscrición dun núcleo zoolóxico no Reganuz, indicar que ata a aprobación dun novo regulamento que desenvolva a Lei 4/2017, do 3 de outubro, serán de aplicación o establecido no Decreto 153/98, do 2 de abril, en todo aquilo no que non se opoña á Lei 4/2017, do 3 de outubro, tal e como así establece a disposición derogatoria única da propia lei.

No seguinte enlace poderase acceder aos modelos de solicitude correspondentes:

[http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT\\_DX\\_Conservacion\\_Natureza?content=Direccion\\_Xeral\\_Conservacion\\_Natureza/Animais\\_domesticos\\_e\\_salvaxes/seccion.html&std=Inscricion\\_dun\\_establecemento.html&sub=Rexistro\\_de\\_establecementos\\_e\\_de\\_a\\_sociacions/](http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CMAOT_DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Animais_domesticos_e_salvaxes/seccion.html&std=Inscricion_dun_establecemento.html&sub=Rexistro_de_establecementos_e_de_a_sociacions/)

No que respecta aos establecementos e núcleos zoolóxicos inscritos no Rexistro de



Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia antes da entrada en vigor da Lei 4/2017, do 3 de outubro, e tendo en conta o disposto na disposición transitoria primeira da Lei 4/2017, do 3 de outubro, estes pasarán a incorporarse de oficio no Reganuz.

#### **4. Desde cando é obrigatorio identificar o meu can?**

A identificación dos animais da especie canina é obrigatoria sen excepcións antes dos tres meses de vida do animal, ou antes no caso de que este sexa transferido de titularidade (comprado, vendido, adoptado ou cedido) ou cedido en acollida dende un centro de recollida de animais abandonados.

A identificación inclúe, en todos os casos, a implantación do dispositivo coñecido como microchip, a correcta inscrición do animal no rexistro oficial correspondente e a expedición do pasaporte europeo para animais de compañía .

#### **5. A raza Bull Terrier miniatura ten a consideración de can potencialmente perigoso, segundo a Lei 4/2017, do 3 de outubro**

Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, terán a consideración de cans potencialmente perigosos:

- Os que foran adestrados para garda e defensa
- Os cans que polas súas características raciais poidan ser aptos para o adestramento de garda e defensa, e en concreto 16 razas indicadas, ou sexan resultado do cruzamento de primeira xeración dunha destas con outras
- Os que tivesen algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou cousas, ou aqueles que manifesten un carácter marcadamente agresivo. Neste caso a potencial agresividade deberá ser apreciada pola autoridade competente.

Os cans considerados de razas puras, recoñecidas oficialmente e non recollidas entre as enumeradas especificamente no citado artigo 16, como é o caso do “Bull Terrier Miniatura”, non serán catalogados como cans potencialmente perigosos baseándose unicamente nese criterio.

Non será así o caso dos animais que non sexan considerados de raza pura e que procedan do cruzamento de individuos de razas potencialmente perigosas ou destas con outras razas.



## **6. Que tipo de colares ou métodos de suxeición están prohibidos?. Poden empregarse colares electrónicos que non producen descargas ao animal?**

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, recolle no seu artigo 9 (“prohibicións xenéricas”) que “o emprego de instrumentos ou métodos daníños de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas”.

Deste texto despréndese que a prohibición proposta inclúe de maneira xenérica todos os métodos e instrumentos que causen dor ou sufrimento ao animal, e expresamente aqueles instrumentos utilizados para suxeitar, reter ou educar/adestrar que causen danos ao animal, entre os que se atopan os coñecidos como colares eléctricos.

Tendo en conta do anterior, só serán obxecto de prohibición aqueles colares que poidan causar danos, dor ou sufrimento aos animais. Os colares localizadores de radiofrecuencia, localizadores con GPS e acústicos dispoñen de baterías eléctricas, necesarias para realizar a función para a que foron deseñados, pero carecen de puntos de contacto directo desta co animal, imposibilitando a descarga eléctrica sobre o mesmo.

Para que a persoa usuaria que recorra ao uso de formatos mixtos, nos que se combine a funcionalidade prohibida (descarga eléctrica) con outras que resulten inocuas que non estean contempladas nas prohibicións establecidas na norma ( como é por exemplo a localización GPS), non incorra nunha infracción, deberá demostrar e garantir a imposibilidade de que o dispositivo sexa usado con fins prohibidos (funcionalidade de descarga do devandito dispositivo).

## **7. Está prohibido alimentar ou recoller un animal vagabundo?**

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, regula a recollida dos animais vagabundos e abandonados, establecendo que os concellos deberán recollelos e atendelos en centros creados para tal efecto, mentres non localizan ao seu propietario/a ou, en caso contrario, son entregados en acollida e/ou adopción.

Excepcionalmente, os concellos poderán crear colonias felinas para o axeitado coidado e atención dos gatos vagabundos, como alternativa á súa recollida nun centro autorizado.

Por este motivo, calquera persoa que atope ou teña coñecemento dun animal vagabundo ou abandonado, deberá informar ao respecto ás autoridades municipais, de xeito que estas poidan exercer as súas competencias e garantir a correcta custodia e coidado do animal. Mentres tanto e ata que a autoridade municipal determine o destino do animal, os cidadás e



as cidadás poderán dar a atención necesaria para garantir o benestar do mesmo.

## **8. Como podo ser un fogar de acollida?**

Os centros de recollida de animais abandonados autorizados son os únicos que, cando a circunstancias o aconsellen e en espera dunha persoa adoptante definitiva, poderán entregar a un animal abandonado en réxime de acollemento. Para iso, deberá solicitálo ante o organismo responsable do centro de recollida e asumir as responsabilidades que a normativa establece para o correcto coidado e atención dos animais domésticos. En todo caso, os animais obxecto de acollida deberán ser declarados aptos para tal fin polo persoal veterinario responsable do centro, e ser entregados correctamente identificados, desparasitados, vacinados e esterilizados, segundo prescrición veterinaria.

Os concellos e os centros de recollida autorizados manterán unha relación actualizada destes fogares de acollida

## **9. Cales son as canles legais para adquirir un animal de compañía?**

As canles legais para a adquisición dun animal de compañía son a compra, cesión e/ou adopción.

A cría de animais de compañía, con fins comerciais, só pode efectuarse a través dun establecemento autorizado e inscrito no Reganuz. Para garantir a orixe legal destes animais, os centros de cría e venda de animais deberán expoñer o seu número de inscrición no Reganuz, tanto no propio establecemento de cría como nos medios utilizados como medio de venda, anuncio e/ou publicidade.

Os centros de cría e os establecementos de venda deben de entregar os animais en bo estado de saúde, certificado por persoal facultativo veterinario, xunto coa información oportuna que acredite a súa orixe e os datos sanitarios que este recibira. Ademais, no caso dos cans, deberán venderse sempre identificados (identificación obrigatoria mediante microchip)

A adopción dos animais abandonados unicamente se pode realizar nun centro de recollida autorizado e inscrito no Reganuz. Os animais deberán entregarse baixo supervisión veterinaria e correctamente identificados. A partir do 11 de xullo de 2019 será obrigatoriedade que tamén sexan vacinados, desparasitados e esterilizados.

A cesión dos cans entre particulares implicará sempre a identificación previa do animal,



con independencia da súa idade, sendo obrigatorio comunicar dita transferencia ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac) no prazo máximo de 10 días, sendo responsables ambos (cedente e adquirente) da dita comunicación.

## **10. O sistema de marcaxe nas colonias felinas mediante unha muesca cirúrxica no pavillón auricular**

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, recolle no seu artigo 9 a seguinte prohibición respecto das mutilacións:

*“h) Practicar mutilacións aos animais, incluídas aquelas cuxa finalidade fose o mantemento das características dun tipo racial ou estéticas. Exclúense aquelas mutilacións necesarias por razóns médico-cirúrxicas, de esterilización, por esixencia funcional ou porque supoñen un beneficio futuro para o animal, as cales haberán, en todo caso, de ser prescritas e realizadas por unha ou un profesional veterinario”*

O método de marcaxe indicada para os gatos domésticos vagabundos (sen propietario), realizado mediante muesca cirúrxica na orella do animal, para a posterior identificación visual dos animais sobre os que se realizou algunha actuación de control poboacional dentro dunha colonia felina (art 26, Lei 4/2017, do 3 de outubro), é un método amplamente estendido e utilizado, estando actualmente recoñecido por entidades e organismos internacionais, incluíndoo como método recoñecido nos seus propios informes e guías de traballo, como é o caso da American Society for the Prevention of Cruelty to Animals, a International Society of Feline Medicine ( SFM Guidelines on Population Management and Welfare of Unowned Domestic Cats ( Felis catus), a World Society for the Protection for Animals ( WASAVA) ou o Grupo de Especialidade de Medicina Felina da Asociación de Veterinarios Españois de Pequenos Animales ( GEMFE – AVEPA).

Cabe indicar neste sentido que a World Society for the Protection for Animals ( WASAVA) recolleu este método no seu informe sobre “os métodos de identificación de cans e gatos”, apuntando a súa repercusión positiva sobre o benestar animal ao ser un método visual e efectivo para previr o trauma da recaptura dun animal rueiro e, posiblemente, a cirurxía repetitiva, aínda que este deba ser sempre realizado por persoal veterinario, en condicións estériles e baixo anestesia do animal. Neste sentido, con base no anterior e de acordo coa norma autonómica, un profesional veterinario poderá prescribir e realizar a citada marca, a



condición de que esta se realice co obxecto en beneficio do animal, evitando o seu manexo, recaptura e/ou a súa posible intervención cirúrxica innecesaria, e a condición de que o procedemento realícese nunhas condicións de hixiene e benestar adecuadas, non resultando por tanto, incompatible coa norma autonómica.